

CEIP EDUARDO

PONDAL

***“PROXECTO
TIC”***

CURSO 2021-2022



ÍNDICE

1.- XUSTIFICACIÓN	2
2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	3
2.1 Características xerais do centro.....	3
2.2 Análise da situación actual respecto as TIC	3
3.- OBXECTIVOS XERAIS	4
4.- CONTRIBUCIÓN AS COMPETENCIAS	4
5.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	5
5.1 Para o centro.....	5
5.2 Para o profesorado.....	6
5.3 Para o alumando	6
7.- ESTRATEXIAS PARA A ELABORACIÓN, DINAMIZACIÓN E A COORDINACIÓN DO PLAN TIC.....	7
7.1 Compoñentes do equipo tic	7
7.2.- Organización e xestión de medios e materiais tecnolóxicos.....	7
7.3 As TICS nas programacións didácticas	7
7.4 .- Plan de formación nas TICS	9
7.5- Materia de libre configuración de cuarto e sexto.	9
7.6.- Liñas de actuación anuais	10
7.7.- As TIC e a atención a diversidade.....	10
8.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO.....	10



1.- XUSTIFICACIÓN

As tecnoloxías da información e comunicación (TIC) están transformando radicalmente a sociedade sendo as responsables dos últimos cambios tanto a nivel social, económico e cultural. Tal é a situación, que na actualidade ditas tecnoloxías están inmersas en todas as actividades diarias da poboación.

Tendo en conta o panorama actual, a escola non pode dar as costas a esta realidade, e debe integrar as TIC dentro dos centros e das propias aulas. O seu uso debe ir máis aló dunha ferramenta de traballo ou como medio de busca de información pois tamén é un medio que promove o uso de metodoloxías activas que favorecen a atención a diversidade.

A este respecto a Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, engade como un principio pedagóxico (artigo 19) *“sen prexuízo dun tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, la competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento se traballarán en todas as áreas”*. Trátase de que o alumnado, ao terminar a escolarización obrigatoria, alcance unha competencia dixital. Esta competencia supón, segundo a ORDEN ECD 65/2015 de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, o uso creativo, crítico e seguro destas tecnoloxías e a adecuación ao cambios producidos por estas tanto na lectura coma na escritura. Tamén require de coñecementos das principais aplicacións informáticas e o acceso a fontes de procesamento da información, así como o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital. En definitiva supón dispoñer das habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso a información ata súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, engadindo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Concienciados coa actual situación, e coas esixencias do currículo tanto de educación infantil e primaria con este proxecto preténdese dar resposta as necesidades da comunidade educativa, favorecendo o acceso de todo o alumnado as tecnoloxías independentemente das súas condicións persoais. Para elaboralo partiremos da realidade educativa do centro, é dicir, do proxecto educativo. Tanto a dirección do centro como o claustro son conscientes das carencias actuais

neste ámbito e importancia de traballar a prol dunha adecuada competencia tecnolóxica dada a realidade da sociedade actual.

Os nosos alumnos coñecen as tecnoloxías, creceron con elas pero moitas veces non son capaces de sacarles o rendemento adecuado posto que lle faltan coñecementos máis específicos, presentan un descoñecemento no ámbito da ofimática ou non saben facer un uso responsable das mesmas. Por outra banda, o profesorado non se sente seguro na introdución destes recursos pola falta de formación, por inseguridade, polos posibles problemas técnicos entre outros.

En definitiva, dende o centro elabórase este documento coa finalidade de integrar as TIC nas diversas materias e lograr unha maior competencia dixital non so por parte do alumnado senón tamén do profesorado e familias e desta forma adaptarnos as esixencias da sociedade actual.

2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

2.1 Características xerais do centro

O CEIP "Eduardo Pondal", situado no concello de Ponteceso, pertencente á bisbarra de Bergantiños, no noroeste de Galicia. Trátase dunha zona rural, que limita co paso do río Anllóns. A maior parte da poboación da zona traballa no sector primario (gandeiría e produtos hortícolas). Outras actividades deste sector son a pesca e o marisqueo nas zonas costeiras, a construción e a explotación forestal. Ponteceso está pouco industrializado. As principais actividades deste sector son: a produción de áridos, algúns talleres de confección e carpintería metálica e de madeira en Ponteceso, maquinaria agrícola en Pazos e varios aserradeiros. En definitiva, prima o sector primario nas aldeas cercanas a Ponteceso e secundario e terciario en Ponteceso.

Por outra banda o colexio conta cun total de 176 alumn@s e 22 docentes.

2.2 Análise da situación actual respecto as TIC

Actualmente o centro conta con acceso a internet por medio de cable (ethernet) así como wifi. Para este último caso existen varios repetidores dispostos polo centro para que dito acceso sexa de maior calidade. A pesar disto a rede inhabilítase en moitas ocasións, algunhas das cales son debidas a situacións meteorolóxicas adversas.

Por outra banda, o colexio conta con páxina web na cal se publican información relativa ao centro e unha aula virtual na cal se inclúe contidos educativos por parte do profesorado para cada nivel e materia.

O equipo TIC é o encargado do mantemento tanto da páxina web como da Aula virtual así como de tratar de mellorar e proporcionar recursos ao profesorado do centro. Ademais na actualidade a súa coordinadora e tamén a coordinadora do plan de formación das TIC.

Respecto aos progresos no ámbito das TICs dende hai uns anos o centro participa un Plan de Formación nas Tics e outro en robótica, coa finalidade de formar ao profesorado do centro.

Neste senso, débese seguir formando ao profesorado no uso de plataformas dixitais así como no manexo destas ferramentas pois aínda existe bastante descoñecemento neste ámbito.

Ademais tamén se promoveu o mantemento dos recursos existentes do centro e a compra de recursos variados como a tela Croma, tablets, portátiles entre outros.

3.- OBXECTIVOS XERAIS

- Dotar ao centro dos recursos TIC necesarios para poder adquirir a competencia dixital.
- Potenciar o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Promover o uso das TIC como medio de comunicación coas familias así como de xestión educativa.
- Promover a participación do profesorado do centro no Plan de Formación en relación as TIC.
- Manter actualizada a páxina web do centro.
- Empregar os medios informáticos como forma para atender a diversidade, romper coas desigualdades sociais, promover a individualización da ensinanza así como reducir a fenda dixital.
- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper con desigualdades sociais, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos/as con necesidades educativas especiais, como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.
- Potenciar a utilización da Aula Virtual por parte de todo o profesorado.
- Incluir nas programación didácticas das distintas áreas contidos relacionados coas TIC.
- Empregar dispositivos tecnolóxicos e aplicacións informáticas na hora de libre configuración do centro.

4.- CONTRIBUCIÓN AS COMPETENCIAS

Segundo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia defínense as competencias como *as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de*

lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.” Coa elaboración deste proxecto e a integración das TIC nas aula, como parte do currículo contribúese a adquisición das competencias clave.

- Competencia en comunicación lingüística: A través de búsquedas de información, tratamento de datos, creación de textos e mesmo o uso do dicionario online.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía: A creación de táboas estatísticas, o uso de bases de datos, así como o uso da calculadora, a realización de diversos xogos matemáticos na web contribúen a adquisición desta competencia. Igualmente non podemos esquecernos a visualización de contidos científicos e a observación de feitos ou experimentos e a elaboración de investigacións.
- Competencias dixitais: A elaboración deste proxecto parte do uso das tecnoloxías polo que esta é a competencia ca que garda máis relación. O uso do ordenador e os seus elementos, o coñecemento dos procesadores de textos, o uso de internet e aplicacións educativas entre outras favorece o desenvolvemento desta competencia.
- Competencia aprender a aprender: a través do dominio e uso da rede para realización de investigacións e a búsqueda de información promóvese a aprendizaxe autónoma e a reflexión da propia aprendizaxe . Por outra banda, tamén se promove o aprendizaxe en equipo e colaborativo que promove a súa adquisición.
- Competencia sociais e cívicas: a comunicación por medio das TIC, a utilización adecuada dos materiais informáticos, o respecto e coidado dos materiais así como aos compañeiros.
- Competencia sentido de inicio y espírito emprendedor: selección, análise da información, comprobar a veracidade dos datos, planificación de proxectos entre outras.
- Conciencia y expresións culturais: creación de proxectos artísticos, visualización de obras de arte, edición de imaxes e vídeos favorecen a adquisición desta competencia.

5.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

5.1 Para o centro.

- Favorecer a utilización das TIC na elaboración de documentos de centro.
- Fomentar o uso de aplicacións educativas por parte do profesorado.
- Potenciar e impulsar o plan de formación en TIC.

- Impulsar a comunicación con outros centros e con outras localidades, a fin de coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras formas de vida e costumes.
- Fomentar o uso de programas que faciliten a organización da biblioteca (catálogo de libros, préstamos...).
- Coordinación dos diferentes equipos para dar visualización aos proxectos elaborados do centro.

5.2 Para o profesorado

- Utilizar as TIC como medio para mellorar a actividade docente e o enriquecemento curricular.
- Dominar os procesadores de textos e multimedia e coñecer a forma de organización da documentación no ordenador.
- Manexar e coñecer o Sistema Operativo Windows
- Coñecer diferentes aplicacións educativas para empregar na aula.
- Empregar e dominar o uso da Aula Virtual como medio de comunicación coas familias e alumnado así como unha ferramenta de traballo.
- Promover o emprego dos recursos tecnolóxicos existentes no centro nas actividades diaria.
- Crear recursos e materiais didácticos mediante ferramentas TIC.
- Dominar o uso da Pantalla Dixital Interactiva e empregala nas sesións de ensino-aprendizaxe como un recurso.
- Crear un repositorio de recursos TIC para o profesorado.

5.3 Para o alumando

- Empregar programas ou aplicacións educativas que faciliten as aprendizaxes das distintas áreas.
- Coñecer os programas básicos relacionados coa ofimática e procesadores de textos, multimedia.
- Dominar o uso da Aula Virtual do colexio.
- Empregar o ordenador como medio de investigación e búsqueda.
- Coñecer diversas pautas para o acceso a información.
- Utilizar o ordenador para crear proxectos ou presentacións ou na elaboración de traballos.
- Recoñecer as normas básicas de comunicación e respecto das TIC (netiquetas).
- Potenciar a comunicación con outros compañeiros.
- Fomentar o desenvolvemento crítico do alumnado en relación ao uso das TIC.
- Manexar a pizarra interactiva.

7.- ESTRATEXIAS PARA A ELABORACIÓN, DINAMIZACIÓN E A COORDINACIÓN DO PLAN TIC.

7.1 Compoñentes do equipo tic

O equipo de dinamización das tecnoloxías de información e comunicación está formado durante o curso 2021/2022 polos seguintes membros:

- Cecilia Albacete Vázquez (representando a 3º e 4º).
- Érica Ordóñez Pardo (Orientadora).
- José Venancio Ures Barca, representando a 5º e 6º de Educación Primaria.
Actúa como coordinadora Cecilia Albacete Vázquez

7.2.- Organización e xestión de medios e materiais tecnolóxicos.

A continuación establécense os recursos tecnolóxicos dos que dispón do centro.

- Un portátil por titoría e especialidade incluídos as mestras de PT e AL e orientación e outro na biblioteca.
- Ordenador na secretaría, xefatura de estudos e dirección, dous na sala de profesores, un na aula de paso, e ... na biblioteca (un deles para uso do profesorado).
- Pizarras dixitais interactivas (unha por titoría). Ademais contamos con unha PDI na biblioteca.
- Carro tecnolóxico: con 8 portátiles
- Dotación de 9 portátiles para o alumnado en risco de situación dixital enviados pola Consellería.
- 3 Tablets en Orientación.
- Tela Croma
- Trípode
- Robótica: 5 tablets 10 robots (m-bot) e 4 portátiles.
- 1 beebot
- Cámara de fotos
- Altofalante
- Makey makey

7.3 As TICS nas programacións didácticas

Segundo o artigo 11 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establécense que “*sen prexuízo do seu*

tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas”.

Igualmente no artigo 4 do Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia recóllese cómo un dos obxectivos da etapa *“acercarse, na medida das súas posibilidades, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación”*

Tendo en conta ditos aspectos e tras a aprobación no Claustro, todos os titores comprométese a incluír dentro da súa programación o desenvolvemento da competencia dixital. Para iso, dende o propio centro proporciónase un carro con ordenadores que irá rotando por todas as titorías. Así cada titor disporía de dito carro durante un día completo aproximadamente cada 15 días.

A ensinanza das TIC desenvolverase de maneira secuenciada iniciándose dende a etapa de educación infantil e a finalización de primaria. É función de cada titor e especialista a inclusión do uso e ensinanza das TIC na súa programación de Aula. A continuación, incorpóranse uns contidos xerais por niveis:

- Educación Infantil
 - Manexo do rato: clic e dobre-clic
 - Escritura de vogais e palabras sinxelas
 - Acceso e apagado do ordenador.
- Primeiro Ciclo
 - Manexo do rato: clic e dobre-clic, diferenciación de botóns.
 - Introducción ao teclado.
 - Introducción a mecanografía.
 - Desenvolvemento de xogos didácticos.
 - Busca en páxinas dirixidas: zoos, acuarios, páxinas de natureza, etc...
 - Manexo da pantalla dixital.
- Segundo Ciclo (Ademais das anteriores):
 - Inicio do procesador OpenOffice: tamaños de letra, tipos, tiles, xustificación, etc..
 - Utilización de programas sinxelos para: figuras xeométricas, debuxo de figuras, coloreado, etc.
 - Realización de copias co ordenador.
 - Manexo de búsqueda en internet e de gardado da información.

- Creación de carpetas e organización da documentación no ordenador.
- Elaboración de traballo sinxelos.
- Terceiro Ciclo (Ademais das anteriores):
 - Procesador de textos: elaboración de traballos.
 - Gardar e recuperar arquivos.
 - Internet. O navegador.
 - Realización de búsquedas de forma autónoma.
 - Diferenciación entre información fraudulenta e a real.
 - Introducción a programación

7.4 .- Plan de formación nas TICS

Neste marco tecnolóxico, o profesorado xoga un rol crucial na adopción e implementación das TIC no ámbito educativo. Para iso é indubidable que ten que adquirir unha competencia dixital axeitada para integrar as TIC na aula así como os coñecementos para poder ensinar a dominar estas tecnolóxicas, é dicir, coñecementos dos distintos recursos tecnolóxicos pero tamén coñecementos pedagóxicos para poder empregalos na aula.

Tendo en conta o mencionado anteriormente, así como a falta de confianza por parte do profesora no uso destes recursos tecnolóxicos, dende o centro propónse a participación nun plan de formación nas TIC o cal se plantexa para cada curso escolar en función das demandas do claustro.

No curso académico 2019-2020 o plan de formación centrouse principalmente na posta a punto e no manexo da Aula Virtual. Esta proposta veu derivada da situación de crise sanitaria pola COVID. Dita formación complementouse co uso do Genially.

Para este curso académico, tendo en conta as demandas do claustro, propónse unha formación dividida en trimestres e cal vai encamiñada a usar todo o material co que conta o propio centro educativo. Así, durante o primeiro trimestre, a formación dirixírase ao uso e dominio das pizarras dixitais, pois todas as titorías contan con unha na aula, e tamén ao manexo da páxina web. Durante o segundo trimestre, preténdese crear un repositorio de materiais para cada curso empregando diversas aplicacións educativas (Genially, canva, liveworksheets,...) e aprender a manexar programas de edición de vídeo e fotos (tela Croma entre outros). Finalmente durante o terceiro trimestre, iniciáronos no ámbito da programación e robótica.

7.5- Materia de libre configuración de cuarto e sexto.

No artigo 8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia indícase que “Os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da consellería competente en materia educativa”.

Por outra banda, as tecnoloxías proporcionan grandes posibilidades e recursos para o desenvolvemento de todas as áreas e en todos os niveis. Igualmente favorecen un cambio metodolóxico, na que o alumnado sexa o principal protagonista e na que se promove a súa autonomía.

Tendo en conta dito con anterioridade, e despois da aprobación de Claustro, considerouse que a hora de libre configuración de cuarto e sexto estará destinada para o reforzo das áreas instrumentarias, pero empregando os medios tecnolóxicos. Desta forma ademais de potenciar e reforzar os contidos abordados en cada área tamén se contribúe a desenvolver a competencia dixital. En ambos cursos empregárase dita hora para forzar a área de matemáticas.

7.6.- Liñas de actuación anuais

- Crear un repositorio de recursos TIC para o profesorado.
- Actualizar e crear un excel coas IPs dos ordenadores do colexio.
- Crear un recuncho TIC dentro do centro educativo.
- Facer un rexistro cos materiais TICs para que poda ser usado por todo o profesorado
- Promover a modificación da páxina web do colexio para modernizala.
- Xestionar a aula virtual.

7.7.- As TIC e a atención a diversidade

A incorporación xeneralizada ao sistema educativo das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), terán en conta os principios de deseño para todas as persoas e accesibilidade universal, permitirá personalizar a educación e adaptala ás necesidades e ao ritmo de cada alumno ou alumna. Ademais coas TICs o profesorado pode crear materiais adaptados as necesidades e características da aula.

8.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PROXECTO

O equipo TIC será a encargada de revisar este documento e actualízalo segundo se vaian adquirindo os obxectivos. Ademais revisará as liñas establecidas anualmente mediante a



elaboración dunha memoria incluída na programación xeral anual (PXA), indicando na mesma as propostas de mellora para alcanzar os obxectivos acadados neste plan.

Para levar a cabo todos estes aspectos este equipo reunirse unha vez ao mes para analizar o traballo desenvolvido e seguir avanzando nas liñas establecidas na PXA.